

## Xesús, Pan feito agasallo

Xesús, aínda que hoxe non tivese agasallos, estaría contento contigo pois regaláchesme o teu amor e quixeches chamarme o teu amigo.

Ti deches a túa vida por min e, escondido no pan e no viño, quixeches quedar comigo.

¡Que grande é o teu amor cara a min pois queresme ter como amigo! Eu dígoche, Señor, que te quero como quere un amigo a outro amigo.

Que feliz por sentar á túa mesa e sentir que son un contigo! Sempre quero seguirte, Señor, quero sempre seguir os teus camiños e sentir na miña man a túa man de amigo.

Non me deixes, Xesús, bo amigo, e se algún día, Señor, eu esquézote, búscame, Bo Pastor, e cargado nos teus ombreiros lévame contigo, meu amigo divino.




**Que tremendo misterio: todo un Deus metido nun anaco de pan.**

*Evanxeo*  
*18-xuño-2017*  
*Corpus*  
*Christi-A*

# Ordinario

*“O que come a miña carne e bebe o meu sangue permanece en min e eu nel”.*



# Eucaristía, punto de encontro cos irmmáns e con Deus.

# Ordinario 11-Corpus Christi

**DEUTERONOMIO 8, 2-3. 14b-16a:** *Alimentoute co maná, que ti non coñecías nin coñeceron os teus pais.*

**SALMO 47:** R/. *Glorifica ao Señor, Xerusalén.*

**1ª CORINTIOS 10, 16-17:** *O pan é un; nós, sendo moitos, formamos un só corpo.*

Irmáns: O cáliz da bendición que bendicimos, non é comuñón do sangue de Cristo? E o pan que partimos, non é comuñón do corpo de Cristo? Porque o pan é un, nós, sendo moitos, formamos un só corpo, pois todos comemos do mesmo pan. *Palabra do Señor.*

**XOÁN 6, 51-58:** *A miña carne é verdadeira comida, e o meu sangue é verdadeira bebida.*

**Narrador:** Naquel tempo díxolles Xesús aos xudeus:

**Xesús:** *«Eu son o pan vivo que baixou do ceo; o que coma deste pan vivirá para sempre. E o pan que eu lles darei é a miña carne pola vida do mundo».*

**Narrador:** Disputaban os xudeus entre si:

**Xudeus:** *«Como pode este darnos a comer a súa carne?».*

**Narrador:** Entón Xesús díxolles:

**Xesús:** *«En verdade, en verdade vos digo: se non comedes a carne do Fillo do home e non bebedes o seu sangue, non tendes vida en vós. O que come a miña carne e bebe o meu sangue ten vida eterna, e eu resucitareino no último día. A miña carne é verdadeira comida, e o meu sangue é verdadeira bebida. O que come a miña carne e bebe o meu sangue permanece en min e eu nel. Da mesma maneira que o Pai que me enviou vive e eu vivo polo Pai, así, do mesmo xeito, o que me come vivirá por min. Este é o pan que baixou do ceo: non como o dos vosos pais, que o comeran e morreron; O que come este pan vivirá para sempre».* Palabra do Señor.

**(Narrador – Xesús - Xudeus).**



**HACEOS PAN para los demás.**

## Corpus: Eucaristía, punto de encontro cos irmáns e con Deus.

### 1. VER: Punto de encontro

- Nos aeroportos e nos grandes almacéns existe un lugar para quedar, por se nos perdemos, o “punto de encontro”. Alí citámonos ao terminar as compras ou ao pasar un tempinho. *Onde quedades co grupo ou a familia?*

*Existe algún lugar onde te poidas encontrar con Xesús?*

### 2. XULGAR: A Eucaristía, punto de encontro

- No evanxeo de hoxe, domingo de Corpus Christi, Xesús dinos: *“o que come a miña carne e bebe o meu sangue permanece en min e eu nel”*. E san Paulo ensínanos que así como *“o pan é un, nós, sendo moitos, formamos un só corpo, pois todos comemos do mesmo pan”*.

#### QUE NOS QUERE DICIR?

##### 1.- A Eucaristía é punto de encontro con Deus:

- Xesús deixounos o mellor dos agasallos, a Eucaristía. **Quedou connosco** para ser o noso alimento e así *“habitar en nós e nós nel”*.  
- Xesús dinos: *“Tomade e comedo isto é miña carne”*. Na eucaristía **comungamos con el:** ao comelo, quítanos a fame, únenos a el, énchenos da graza, da vida divina, asemellámonos a el.

##### 2.- A Eucaristía é punto de encontro cos irmáns:

- **Toda a comunidade** reúnese o domingo en torno ao pan e ao viño, escoitamos a súa Palabra e aliméntanos co seu Pan.  
- **Xesús parte o pan e repártese** para a vida dos crentes. E dilles: *“facede isto en memoria miña”*, é dicir, **facervos pan para os demais**, entregádevos uns polos outros, querédevos uns aos outros. Na eucaristía **comungamos cos irmáns**.

*Cando nos facemos pan para os demais?*

### 3. ACTUAR: Non faltes cada domingo

- Participa todos os domingos na Eucaristía coa familia.  
- Axuda nas lecturas, peticións, cantos, como acólitos ...  
- Prepárate para comungar a Xesús: dándovos a paz, pedindo perdón, achegándovos con reverencia. Sínteo vivo en ti e dálle grazas.  
- Procura facerte “pan para os outros” axudando, compartindo, perdoando, acollendo a todos. Non sexades corroscos (pan seco e duro) senón pan tenro coma Xesús, dándote a ti mesmo.  
- Fagamos procesión do Corpus: de encontro, apertas e doazóns.  
- Nas vacacións non te esquezas de Xesús, espérate na eucaristía. Estavos esperando, non lle falledes. A eucaristía, o punto de encontro tamén no verán. **Que estás disposto/a a facer?**